

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL MUGARDOS

Bases para contratación do persoal de limpeza de praias 2022

ANUNCIO

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL PARA O PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS ANUALIDADE 2022 DO CONCELLO DE MUGARDOS.

Pola Resolución da Alcaldía núm. 2022-0677, de 12.07.2022, acordouse aprobar as Bases que rexerán a convocatoria para a selección e posterior contratación laboral temporal do persoal para o programa de limpeza de praias anualidade 2022 do Concello de Mugardos, cuxo texto se transcribe de seguido:

BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA A SELECCIÓN E POSTERIOR CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL PARA O PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS ANUALIDADE 2022 DO CONCELLO DE MUGARDOS.

1.- OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto da presente convocatoria é a selección de persoal laboral temporal de 5 Peóns para o programa de Limpeza de praias, debido ao incremento de traballo na tempada de verán.

O programa de limpeza de praias está subvencionado pola Deputación Provincial da Coruña.

2.- MODALIDADE, PERÍODO DE CONTRATACIÓN E RETRIBUCIÓN

A modalidade da contratación será a de contrato laboral de duración determinada por circunstancias da produción, a xornada completa (37,5 horas semanais).

A duración do contrato será de tres (3) meses a partir da sinatura do mesmo.

A retribución bruta mensual a percibir será de 1378,21euros, correspondente á xornada completa (37,5 horas semanais), por tódolos conceptos salariais, excluídas as percepcións de devengo superior ao mes e os conceptos que se deriven da correspondente liquidación por finalización de contrato.

3.- FUNCÍONS

As funcións e tarefas a desempeñar polos/as traballadores/as serán as que se requiran para levar a cabo as tarefas de limpeza de praias e areais e os seus accesos ás mesmas en perfectas condicións para que poidan poñerse a disposición dos cidadáns.

4.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN DOS/AS TRABALLADORES

Para tomar parte neste proceso selectivo os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de expiración do prazo concedido para a presentación de instancias:

- Ser español ou posuír a nacionalidade de calquera dos Estados membros da Unión Europea ou a dalgún dos Estados aos que sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos definidos no Tratado Constitutivo da Unión Europea, en virtude dos Tratados Internacionais celebrados pola Unión Europea e ratificados por España, todo elo nos termos do artigo 57 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Os estranxeiros aos que se refiren os apartados anteriores, así como os estranxeiros con residencia legal en España poderán acceder ás administracións Públicas, como persoal laboral, en igualdade de condicións que os españois
- Ter cumpridos 16 anos de idade. E non exceder da idade máxima de xubilación forzosa e día que remate o prazo de presentación de solicitudes.
- Non padecer enfermidade nin defecto físico ou psíquico que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto de traballo para o que se opta. A estes efectos, establécese a igualdade de condicións das persoas con discapacidade coas demais persoas aspirantes, adoptándose polo Tribunal Cualificador as adaptacións posibles de tempo e medios para a realización das probas, a aquelas persoas con discapacidade que o soliciten expresamente na súa instancia, de forma que gocen de igualdade de oportunidades coas demais persoas aspirantes

- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, nin estar inhabilitado para o desenvolvemento de funcións públicas por sentenza firme.
- Non estra afectado ou afectada por ningún dos motivos de incompatibilidade recollidos na lexislación vixente sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das administracións públicas
- Acreditar certificado de escolaridade ou equivalente
- Estar en posesión dun título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega CELGA I, equivalente ou superior. As persoas aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega
- Ter aboada a taxa pola expedición de documentos administrativos pola cantidade de 5 euros (Artigo 4. Cuota tributaria, epígrafe 5.3 Dereitos de exame. Ordenanza fiscal número 9 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos)

5.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As persoas que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar mediante instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo que se prevé no anexo I

O prazo de presentación de solicitudes será de 5 días hábiles que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio no BOP (Boletín Oficial da Provincia da Coruña)” e na páxina web do concello de **Mugardos www.mugardos.gal**

O medio preferente de presentación de solicitudes será a través da sede electrónica do Concello de Mugardos (<https://mugardos.sedelectronica.gal>). Cando a presentación se realice a través da sede electrónica os arquivos que se anexen deberán ser, preferentemente en formato pdf e reducir ao máximo o número de arquivos anexados. A presentación de solicitudes poderá facerse tamén no Rexistro Xeral do Concello de Mugardos ou ben en calquera das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; as solicitudes que se presenten a través da Oficina de Correos deberán entregarse nun sobre aberto para ser selada e datada polo funcionario de correos antes de ser certificada. Neste caso os/as aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama, telefax ou ao enderezo electrónico: correo@mugardos.gal durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Actuarase de igual xeito, no caso de ser presentada a solicitude noutra Administración Pública.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo as persoas aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

1. Copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo. No suposto de nacionais doutros estados, pasaporte ou documento válido de viaxe que acredite a súa identidade e o visado correspondente, de ser este esixible, e no seu caso o permiso de residencia en vigor

2. De ser o caso, certificación da condición de discapacitado e grao de minusvalía. No caso de necesitar adaptacións de tempo e medios para a realización dos exercicios nos que esta adaptación sexa necesaria deberán solicitalo na instancia.

3. Xustificante acreditativo de ter ingresado na conta corrente ES98 - 2080 - 0205 - 7331 - 1000 - 0032 ABANCA, a cantidade de 5 euros (Artigo 4. Cuota tributaria, epígrafe.3 Dereitos de exame. Ordenanza fiscal número 9 reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos). Estarán exentos do pago dos dereitos de exame as persoas con discapacidade igual ou superior ao 33% (para o que deberá presentar o certificado de minusvalía correspondente) e para aquelas que figuren como demandantes de emprego durante o prazo, ao menos, de un mes anterior á data da convocatoria das probas selectivas nas que solicite a súa participación (para o que deberá presentar a certificación xustificativa expedida polo Servizo Público de Emprego correspondente).

4. Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes. Só se terán en conta para o concurso os méritos debidamente acreditados, en todos os seus extremos, dentro do prazo de presentación de solicitudes, e non serán obxecto de toma en consideración, e valoración, os que se acheguen con posterioridade ao remate de dito prazo, que serán considerados como achega de nova documentación fóra de prazo

5. No seu caso, copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente

6.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES

Rematado o prazo fixado para a presentación de solicitudes o Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá (Delegación da Alcaldía: R.A. 536/2021 de 24.05.20201) ditará resolución aprobando a lista de admitidos/as e excluídos/as, con especificación, no seu caso, dos motivos de exclusión, que se fará pública no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial e no Taboleiro de anuncios da Sede electrónica do Concello de Mugardos

Os/As aspirantes excluídos/as disporán dun prazo de 3 días hábiles, contados a partires do seguinte ao da publicación do acordo, para poder subsanar ou emendar, no seu caso, o defecto que houbera motivado a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá tomarse novo acordo estimándoas ou desestimándoas con publicación da lista definitiva

no taboleiro de anuncios do Concello e no taboleiro de anuncios da sede electrónica. No caso de non presentarse reclamacións polos aspirantes excluídos (de existir) a lista publicada terá carácter definitivo.

6.- TRIBUNAL CUALIFICADOR

O Tribunal cualificador deste proceso selectivo será designado polo Alcalde – Presidente do Concello de Mugardos, ou persoa en quen delegue.

Todos os membros do Tribunal deberán posuír a titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas .

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, comunicándoo ao Sr. Alcalde, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da lei 40/2015, do Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente, as persoas aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando nos mesmos concorran algunha das circunstancias previstas para a abstención e de conformidade co establecido no artigo 24 da lei 40/2015.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para toma-los acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Os tribunais poderán dispoñer da incorporación de asesores/as especialistas para as probas en que así coiden necesario ou conveniente. As persoas asesoras limitaranse ao exercicio das súas especialidades técnicas, en base exclusivamente ás cales colaborarán co respectivo Tribunal.

Os membros do Tribunal que asistan ás sesións do mesmo, percibirán dietas pola súa asistencia na contía legalmente establecida, sen prexuízo dos traballos previos de asistencia técnica que poidan realizar os asesores que tamén serán compensados na forma legalmente establecida.

Para os efectos do percibo de indemnizacións en concepto de asistencias o tribunal entenderase encadrado na categoría terceira, segundo establece o RD 462/2002, do 24 de maio.

7.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

Na mesma Resolución pola que se aprobe a lista de persoas admitidas e excluídas e se faga pública a constitución do Tribunal Cualificador, sinalarase o lugar, data e hora para o inicio do proceso selectivo.

Os/As aspirantes serán convocados para cada exercicio en chamamento único, excluíndose do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos debidamente xustificadas e libremente apreciados polo tribunal.

Os/as aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI ou pasaporte.

A orde de actuación dos/as aspirantes naqueles exercicios que non poidan celebrarse conxuntamente iniciarase alfabeticamente por aqueles cuxo primeiro apelido empece pola letra “T”, de conformidade co establecido na RESOLUCIÓN do 28 de xaneiro de 2022 pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG 04.02.2022). De non contar aspirantes cuxo primeiro apelido empece pola letra indicada, iniciarase a orde de actuación pola letra ou letras seguintes.

8.- SISTEMA DE SELECCIÓN

Establécese como sistema de selección o de concurso – oposición, a fase de concurso será previa á de oposición de acordo ao artigo 4,c) do RD 896/1991

8.1.- Fase de concurso: ata un máximo de 4,5 puntos

Consistirá na valoración dos méritos alegados dentro do prazo de presentación de instancias e debidamente acreditados polas persoas aspirantes consonte ao seguinte:

1. EXPERIENCIA PROFESIONAL: puntuación máxima 3 puntos.

- a) Experiencia profesional en traballos como peón en administracións públicas: 0,15 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 2 puntos.
- b) Experiencia profesional en traballos como peón en empresas públicas ou privadas do sector: 0,05 puntos por mes, cun máximo por este concepto de 1 punto.

A experiencia profesional acreditarase coa copia dos contratos de traballo e informe da vida laboral actualizado. No caso de que os servizos prestados fosen como funcionario, mediante resolución do nomeamento e/ou a

toma de posesión, xunto con certificación de vida laboral acreditativa de ditos servizos e expedida polo órgano competente da seguridade social.

2. CURSOS RELACIONADOS COAS FUNCIONS A DESEMPEÑAR: puntuación máxima 1 puntos.

- Pola participación ou asistencia a cursos (non se valorarán xornadas, seminarios ou simposios), relacionados co posto a desempeñar, organizados por universidades, escolas de administración pública, organismos de titularidade pública, ou demais entes de similar condición á anterior, ata un máximo de 1,50 puntos, de acordo coa seguinte valoración en proporción ó número de horas acreditadas:

- Duración de 51 a 150 horas, a razón de 0,25 puntos/curso.
- Duración de 151 a 300 horas ou mais, a razón de 0,50 puntos/curso.
- Pola realización de acción formativa en materia de Prevención de riscos laborais (solo se valorará un curso ou acción formativa)

3. PERMISOS DE CONDUCCIÓN (máximo 0,5 punto):

- Por estar en posesión do permiso de condución de clase B: 0,5 puntos

8.2.- Fase de oposición: ata un máximo de 9 puntos

PROBA PRÁCTICA: realización dunha ou varias probas de tipo práctico, obxectivas e de carácter manual, a libre elección do Tribunal, entre os cometidos propios do oficio no tempo que determine o tribunal sen que poda exceder de 20 minutos.

Esta proba valorarase ata o máximo de 9 puntos (caso de que se poñan máis de unha proba especificarase a puntuación que se outorgará a cada proba). Será preciso acadar unha puntuación igual ou superior a 4,5 puntos para ser proba superada

PROBA DE GALEGO (APTO / NON APTO)

No caso dos/as aspirantes que non teñan presentado o certificado do coñecemento do galego coa presentación do certificado CELGA 1 ou equivalente, deberán facer un exame tipo test que consistirá en contestar por escrito 10 preguntas no tempo máximo de vinte (20) minutos

A puntuación máxima será de 10 puntos, sendo necesario acadar como mínimo 5 puntos para considerarse APTO. Cada pregunta correcta puntuará 1 punto e cada resposta errada restará 0,10 puntos. As respostas en branco non penalizarán

9.- CUALIFICACIÓN FINAL E RELACIÓN DE APROBADOS

A cualificación definitiva do proceso selectivo será o resultado da suma das puntuacións outorgadas polo tribunal en cada un dos apartados da cláusula 7ª, fase de concurso e fase de oposición.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo, o Tribunal fará pública o nome dos/as aspirantes aprobados/as por orde de puntuación total final, con especificación desta, no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web municipal. Así mesmo, o tribunal elevará esta relación, coa acta de sesión, ao Concelleiro Delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá (Delegación da Alcaldía: R.A. 536/2021 de 24.05.2021) para proceder á formalización dos contratos correspondentes a favor dos/as aspirantes que obtiveran a puntuación total máis alta (O Tribunal cualificador non poderá facer proposta de contratación a favor dun número de aspirantes superior ao das prazas convocadas). Calquera proposta que inclúa máis nomes que prazas convocadas ou contradiga o anteriormente establecido, será nula de pleno dereito.

No suposto de empate nas puntuacións de dous ou máis aspirantes, estas resolveranse atendendo ás seguintes circunstancias:

1. Maior puntuación na proba práctica
2. Maior puntuación no apartado de experiencia profesional

10.- ALEGACIONES

Os/As candidatos/as disporán dun prazo de tres (3) días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do resultado da selección no taboleiro de anuncios e na páxina web do concello de Mugardos, para formular as oportunas alegacións que serán presentadas no Rexistro Xeral do Concello.

11.- FORMALIZACIÓN DO CONTRATO

Co obxecto de subscribir o correspondente contrato laboral, concederase un prazo de 3 días hábiles dende a resolución de nomeamento para que as persoas propostas para a contratación presenten:

- Declaración responsable, asinada pola persoa aspirante, de non encontrarse incurso en causa de incapacidade ou incompatibilidade que determine a lexislación vixente e non ter sido separado/a do servizo de calquera das

administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme

- Certificación médica actualizada na que se faga constar expresamente que a persoa aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para o desempeño do posto de traballo, supeditando en todo caso, a sinatura do contrato e a incorporación ao posto de traballo, á presentación de dita documentación correctamente.
- Copia co número de afiliación á Seguridade Social ou tarxeta sanitaria do servizo público de saúde

Aportada a documentación esixida nesta base e acreditados a totalidade dos requisitos, ditarase resolución de nomeamento das persoas aspirantes propostas e formalizarase o correspondente contrato laboral para o comezo da prestación do servizo no prazo que se lle indique.

Non obstante, a non presentación en prazo da documentación esixida nesta base e agás os casos de forza maior, ou cando do exame da mesma e/ou do recoñecemento médico, dedúzase que carece dalgún dos requisitos sinalados na base 3ª, non poderán ser nomeados e quedarán anuladas todas as actuacións, sen prexuízo da responsabilidade en que houberan incorrido por falsidade na solicitude de participación.

12.- LISTAS DE RESERVAS

Con todos aqueles aspirantes que superaran a proba práctica e que non sexan propostos para a súa contratación elaborárase unha lista de reserva, por orde decrecente de puntuación, os cales poderán ser chamados para futuras contratacións derivadas de baixas, substitucións, etc.

A vixencia da citada lista será a mesma que o período de contratación dos peóns de limpeza de praias que resulte tras o presente proceso selectivo. Se un/unha aspirante renuncia á contratación será borrado da lista.

13.- IMPUGNACIÓN DA CONVOCATORIA E DOS SEUS ACTOS

A presente convocatoria e as súas bases poderán recorrerse mediante a interposición do oportuno recurso. Os actos administrativos derivados da convocatoria e da actuación dos tribunais poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos na Lei 39/2015 do PACAP.

ANEXO I**SOLICITUDE DE PARTICIPACIÓN NO PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DO PERSOAL PARA O PROGRAMA DE LIMPEZA DE PRAIAS 2022**

I. -Datos do/a solicitante:

Apelidos		
Nome		
DNI		
Enderezo		
Poboación		Código Postal:
Concello		
Teléfono		
Nº S. Social		

II.- Solicito a inclusión na convocatoria para a contratación temporal do persoal para o Programa de Limpeza de Praias 2022 e declaro que coñezo e acato incondicionalmente o contido das bases reguladoras

III.- Declaro que cumpro cos requisitos recollidos nesta convocatoria.

IV.- Declaro que autorizo ao Concello de Mugardos para a publicación dos meus datos persoais(nome, apelidos e DNI) e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello, na páxina web do concello de Mugardos e no Taboleiro de anuncio da sede electrónica, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

V.- Documentación que achego: (sinalar cun X o que proceda)

- Copia simple do Documento Nacional de Identidade ou documento identificativo
- Xustificante pago de taxas
- Certificado de minusvalía:
 - Solicitud de adaptacións posibles para a realización das probas
- Relación de méritos acompañada dos xustificantes acreditativos destes
- Copia simple do documento xustificativo de estar en posesión do Celga 1 ou equivalente

Dou o meu consentimento expreso para que os datos persoais, que aparecen na presente solicitude, sexan empregados para poder prestar o servizo solicitado na presente instancia

Sinatura:

Mugardos,..... de de 20.....

Sr. ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE MUGARDOS (A CORUÑA)

De acordo co establecido pola normativa vixente en materia de protección de datos, informámoslle de que o Responsable do Tratamento dos seus datos persoais é o Concello de Mugardos, con dirección Avda de Galicia, 45, 15620 – Mugardos; correo@mugardos.gal

1.- FINALIDADE DO TRATAMENTO: Os datos serán empregados para prestarlle o servizo solicitado na presente instancia. O feito de que non nos facilite parte da información solicitada poderá supoñer a imposibilidade de prestarlle o servizo solicitado.

PRAZO DE CONSERVACIÓN: Os datos facilitados conservaranse durante o tempo necesario para poder atender a súa solicitude, así como para dar cumprimento legal ás xestións administrativas da prestación do servizo.

2.- LEXITIMACIÓN: Este tratamento de datos persoais está lexitimado polo consentimento que nos outorga a realizar a solicitude de prestación do servizo.

3.- DESTINATARIOS DE CESIÓN: O Concello de Mugardos non cederá os seus datos de carácter persoal

4.- DEREITOS: Ten vostede dereito a acceder, rectificar ou suprimir os datos erróneos, solicitar a limitación do tratamento dos seus datos así como opoñerse ou retirar o consentimento en calquera momento e solicitar a portabilidade dos mesmos. O Concello de Mugardos dispón de formularios específicos para facilitarlle o exercicio dos seus dereitos. Pode presentar a súa propia solicitude ou solicitar os nosos formularios, sempre acompañados dunha copia do seu DNI para acreditar a súa identidade

Asinado dixitalmente polo Concelleiro de Facenda, Persoal e Participación cidadá do Concello de Mugardos (delegación efectuada pola Resolución da Alcaldía núm. 538/2021, do 24.05.2021), D. José Miguel Mahía Prados, en data 13 de xullo de 2022.

2022/4317